

na primaveira, tocados iles cos ricos turbantes de seda verde traguída de Trebisonda. Todas as mañás repousaba cabo deles en Trasalba,

a profundar; tiñalles moita lei, pois eran meus amigos.

Pontevedra, 1955.

O exemplo de Ramón Otero Pedrayo

Por **Alexandro RAIMÚNDEZ.**

¿Sería posíbel dicir algo novo encol do máis esgrevio home de letras que tén hoxe Galicia? ¿Ou aportar novas ouservacións sobre dos seus talentos como profesor ou como escritor? Aínda que isto fose posíbel, quero deixalo pra os que, máis competentes que eu, poden faguelo millor. Eu vou a me referir a outro aspecto de Ramón Otero Pedrayo: a algunha das súas coalidades.

Soio quero destacar dúas que, ó meu entender, están vencelladas á súa condición de galego, e que eu considero representativas do espírito da nosa Raza. Son a lealtade e a xenerosidade.

Lealtade de un a sí mesmo, ás conviccións propias, e ó concepto que os demais se fixeron de nós, xuzgándonos polas nosas accións. E lealtade á terra, a ise complexo de responsabilidades que un home adquire cando se converte en figura representativa dunha comunidade.

Hai quen pasa pola vida sin se decatarse de que tén istas obrigas, e nós esquencémonos dil. Hai quen se fai o tolo e vai ó seu, e nós rematamos por compadecelo. Hai quen as treicioa, e así obríganos a disprezialo. E hai quen as cumpre, tanto cando as circunstancias son favorabres como cando son adversas, porque é leal ás súas conviccións e á súa vida. A istes homes nós respetámoslos, e sentimos por iles simpatía e afecto. Un destes homes é Ramón Otero Pedrayo, fiel ó espírito da súa terra, ás esenciais da súa historia e á conciencia colectiva da época na que vive.

¿Poderá falárese da súa xenerosidade, sin mentar a súa variada e enorme aitividade in-

teleitual? Dentro dila atópanse as millores mostras dun corazón que escoa por axudar a quen o percise, sin releos ou reservas. Limiares e introducións a libros, conferencias de presentación, asistencia persoal a homenaxes, discursos de ofrenda, biografías de figuras desaparecidas... En todas istas manifestacións Ramón Otero Pedrayo é o gran xeneroso, que non escatima a súa autoridade pra situar en lugar de preminencia ós seus amigos, ós desconocidos e ós que comenzan. Soio un home da súa cultura, da súa curiosidade insaciabre e co pulo da súa incontestable imaxinación pode faguer ista laboura, iste servicio, sin que se troque nunha rutina.

Inda que istas coalidades—¿ou chamarelles virtudes?—non son privativas dos galegos, sinto que algo me impulsa a identificalas co carácter da nosa Raza, e con unha figura tan distinta como a de Don Ramón Otero Pedrayo.

Na nosa historia temos tantos exemplos de lealtade... algúns deles pagos con desleigamento ou treiduría. E a nosa Terra, ¿non é un exemplo vivo de xenerosidade que se nos mete no sangue ó nacer?

Chegará o día cando o sorriso torne ó corazón dos galegos; cando sone a leda hora de reconstruir o vello Lar. E pra que sexa o Lar de todos, teremos que o faguer sin xenreiras, pero tamén con fidelidade a nós mesmos e ó que agardan de nós. E cando ista hora chegue, ningún homenaxe máis puro a Ramón Otero Pedrayo que tén presente a súa conducta, tan leal e xenerosa.

Surrey (Inglaterra), 1955.

Otero ou a amizade

Por **Xosé RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA**

Hai moitos xeitos de concebir a vida, e moitos tamén de sentir e levar a amizade. O home non foi feito pra vivir illado, e por iso as máis nobres de todas as funcións do seu espírito son as funcións de relación, polas que se pon en coloquio cos seus semellantes.

Confeso de cheo que endexamáis tiven ocasión de lér ningún tratado encol da amizade,

nin clásico nin moderno; pro do mesmo xeito que pra alentarse non é preciso saber fisioloxía, tampouco pra vivir entre os homes e pra se sentir amigo compre outra cousa que se deixar levar polo propio sentimento. Porque os que dín que pra vivir neste mundo hai que saber moita "gramática parda", son os cucos, os homes de presa, os que esplotan ós amigos, e